

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4832 *Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Desde que o día 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde a elevou a pandemia internacional, a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 evolucionou, tanto a nivel nacional como mundial, con enorme rapidez. Trátase dunha crise sanitaria sen precedentes e dunha extraordinaria amplitude, tanto polo alto número de cidadáns afectados, máis de douscentos mil en España no momento actual, como polo extraordinario risco en que situou todo tipo de dereitos tanto individuais coma colectivos, o que exixiu a adopción de medidas inmediatas para facer fronte a esta situación.

Así, facendo uso da habilitación que outorga ao Goberno a Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o cal, á vista da evolución da epidemia, tivo que ser prorrogado, logo de autorización do Congreso dos Deputados, ata en tres ocasións, a través dos reais decretos 476/2020, do 27 de marzo; 487/2020, do 10 de abril, e 492/2020, do 24 de abril.

As necesarias medidas de contención adoptadas están tendo un impacto económico fulminante, xa que supoñen reducir a actividade económica e social de forma temporal, restrinxindo a mobilidade e paralizando a actividade en numerosos ámbitos, coas conseguíntes perdas de rendas para familias e traballadores, así como para as diferentes empresas e sectores da economía española.

Por iso, viñéronse adoptando medidas económicas e sociais que, ademais de facilitar a adecuada resposta sanitaria á emerxencia, permitan garantir a protección de familias, traballadores e colectivos vulnerables, e soste o tecido produtivo e social, minimizando o impacto e facilitando que a actividade económica se recupere canto antes.

Entre os sectores económicos especialmente afectados pola crise e as súas consecuencias encóntrase o da cultura. O conxunto dos espazos culturais e escénicos viuse absolutamente paralizado, o que abocou os seus profesionais a unha drástica perda de ingresos e a unha situación crítica, dada a súa fragilidade estrutural. Para facer fronte a esa situación, é imprescindible implementar novas medidas que complementen e adapten as xa existentes con carácter xeral, acomodándoas ás singularidades do sector. Estas singularidades facían moitas veces ineficaces as previsións xeneralistas, tanto para a protección de traballadores como para as empresas, especialmente autónomos e pemes, que, á perda de liquidez, sumaban a falta de acceso adecuado ao financiamento.

Ademais, a crise provocada polo COVID-19 afecta, de maneira moi relevante, as mulleres do sector cultural, que en moitas ocasións partían xa de situacións de desigualdade. Por iso, na aplicación e desenvolvemento destas novas medidas atenderase á igualdade efectiva entre mulleres e homes de acordo co primeiro criterio xeral de actuación dos poderes públicos previsto no artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Hai que recordar o peso significativo da cultura na economía española. Os principais resultados obtidos na Conta satélite da cultura en España indican que, en 2017, a achega do sector cultural ao produto interior bruto (PIB) español se cifrou no 2,4 % e se situou

no 3,2 %, considerando o conxunto de actividades económicas vinculadas coa propiedade intelectual. Por sectores culturais, destaca o sector de libros e prensa, cunha achega ao PIB total en 2017 do 0,75 %, sector que representa o 31,5 % no conxunto de actividades culturais. Séguenlle, por orde de importancia, o sector audiovisual e multimedia (28,7 %), que inclúe entre outras as actividades de cine, vídeo, videoxogos, música gravada ou televisión. Entre os restantes sectores destacan o de artes plásticas (14,8 %), artes escénicas (9,8 %) e patrimonio, arquivos e bibliotecas (8,6 %). No conxunto de actividades vinculadas coa propiedade intelectual, o 60,9 % correspóndese co ámbito cultural e o 39,1 % restante con publicidades e informática, cuxo alcance queda restrinxido a aquelas actividades que teñan vinculación coa propiedade intelectual. Os resultados poñen de manifesto, pois, o significativo peso tanto das actividades vinculadas coa propiedade intelectual como das actividades culturais dentro da economía española.

No mesmo sentido, e mostra desta relevancia, o volume de emprego cultural ascendeu en 2019 a 710,2 mil persoas, un 3,6 % do emprego total en España na media do período anual, e é o 68,8 % do emprego cultural persoal asalariado. En canto ao tecido empresarial, destaca que o número de empresas recollidas no Directorio central de empresas (Dirce) cuxa actividade económica principal é cultural ascendeu a 122.673 a principios de 2018, o que supón o 3,7 % do total de empresas recollidas no directorio.

Non hai que esquecer, ademais, que o artigo 44 da Constitución establece a obriga dos poderes públicos de garantir o acceso de todos os cidadáns á cultura e o deber de promover a cultura como dereito inalleable de todos os españois.

A promoción da cultura e o acceso dos cidadáns a ela comporta o compromiso ineludible dos poderes públicos de establecer os instrumentos para que iso sexa posible, o cal se debe materializar, entre outras actuacións, mediante medidas de fomento e protección que garantan a existencia, desenvolvemento e progreso da actividade cultural.

A cultura é, en esencia, liberdade creativa e, polo tanto, non son os poderes públicos os actores directos da acción cultural, senón que a súa función é a de favorecer que os verdadeiros protagonistas do feito cultural, os profesionais, contén cos medios necesarios para garantir o dereito contido na nosa Carta Magna. A nosa Constitución entende a cultura non como un luxo dirixido ás elites, senón como un eixe vertebrador da sociedade democrática.

Por todo iso, cómpre garantir a supervivencia das estruturas culturais, e dos traballadores e empresas que se dedican ao sector, para así facer efectivo o dereito de acceso á cultura. A esa finalidade responde esta disposición, que aproba unha serie de medidas de apoio ao sector cultural para facer fronte á situación derivada do COVID-2019. Estas medidas inclúen elementos de axuda no sentido do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. A súa base xurídica quedaría definida polo Marco temporal nacional (Axuda SA.56851, aprobada por Decisión da Comisión do pasado 2 de abril), de modo que, conforme o punto 8.1 do citado marco temporal nacional, as novas liñas de axuda que se establezan baixo o seu abeiro non teñen que ser notificadas separadamente á Comisión Europea.

II

O real decreto lei estrutúrase en 5 capítulos, 15 artigos, 8 disposicións adicionais e 13 disposicións derradeiras.

O capítulo I ocúpase das medidas xerais para apoiar empresas e traballadores do sector cultural. En primeiro lugar, é preciso facilitar o financiamento do sector, posto que os mecanismos habituais establecidos para o efecto en anteriores reais decretos lei non resultaron tan eficaces como cabería ter esperado, por non garantir neste ámbito o acceso ao financiamento e liquidez necesarios. Por iso, débense arbitrar urxentemente medios especializados e enfocados ás singularidades destas actividades. Así, dispónse a concesión directa de dúas subvencións á Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR, para ampliar o seu fondo de provisións técnicas e subvencionar o custo da comisión de apertura dos avais dos préstamos ao sector cultural, de forma que poida abrir unha liña de acceso ao financiamento dos axentes do sector nas condicións máis

favorables, co apoio do instrumento de garantía financeira do programa Europa creativa da Comisión Europea. Esta liña de acceso ao financiamento non só estará aberta aos sectores culturais máis tradicionais, senón que tamén comprenderá outros sectores vinculados directamente á cultura dixital, como o sector dos videoxogos, que conecta cultura e tecnoloxía cunha alta capacidade de innovación, creando novos hábitos de consumo cultural e cunha crecente influencia cultural: segundo a enquisa de hábitos e prácticas culturais en España 2018-2019, o 13,8 % da poboación española utiliza videoxogos polo menos unha vez ao mes. A Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR é a única ferramenta financeira especializada en exclusiva na prestación de avais ás pequenas e medianas empresas do sector cultural español e o seu labor nestes anos foi fundamental para permitirles o acceso ao financiamento bancario e para poñer en marcha así diferentes proxectos culturais.

En segundo lugar, artículase o apoio aos traballadores do sector cultural que non quedaron amparados polos mecanismos de cobertura establecidos ata a data. Deste xeito, dáse resposta ao colectivo de artistas en espectáculos públicos encadrados no réxime xeral da Seguridade Social, especialmente vulnerables nas circunstancias actuais, dado que, pola intermitencia que caracteriza a actividade artística, non conseguen reunir os requisitos para ter dereito á prestación por desemprego. Para iso, habilítase un acceso extraordinario á prestación por desemprego, da cal se poderán beneficiar ante a falta de actividade polo peche establecido dos locais ou instalacións, xa sexan abertos ou pechados, onde desenvolven as súas actividades profesionais, como consecuencia do COVID-19.

O capítulo II regula medidas de apoio ás artes escénicas e da música, desde diferentes perspectivas. Destaca especialmente o establecemento dun sistema de axudas extraordinarias ás artes escénicas e da música, para paliar os danos sufridos como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19. Estas axudas, que terán carácter excepcional e se concederán por unha soa vez, outórganse a través de dúas liñas, encamiñadas ao sostemento das estruturas culturais de toda índole e ás actividades escénicas e musicais e proxectos culturais. En definitiva, á protección inmediata e urxente do tecido empresarial, asociativo e artístico, entendido o dito tecido como estruturas culturais sen as cales sería imposible o retorno desexado á actividade cultural habitual. O sistema será implementado polo Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM), baseándose nos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. As axudas outorgaranse seguindo o procedemento de concorrencia competitiva e rexeranse polo disposto neste real decreto lei e na resolución de convocatoria. Para o seu financiamento, autorízase a concesión dun crédito extraordinario.

Ademais, introdúcese un mecanismo para permitir que os profesionais do sector poidan percibir anticipos e indemnizacións, en caso de aprazamento ou cancelación das actuacións xa contratadas co sector público, cuxo importe non exceda os 50.000 euros. As medidas adoptadas polas autoridades sanitarias, primeiro, e a declaración do estado de alarma, despois, comportaron o peche de teatros, salas e instalacións análogas e, con iso, a resolución ou suspensión dos contratos de interpretación artística e de espectáculos que se suscribían. Por iso, habilítase o órgano de contratación para recoñecer como anticipo unha porcentaxe do importe dos contratos suspendidos, así como unha indemnización, en caso de resolución, sempre que a suspensión ou resolución teña por causa directa as medidas adoptadas polas autoridades competentes para facer fronte á crise do COVID-19.

No capítulo III, inclúense medidas de apoio á cinematografía e ás artes audiovisuais. O sector da produción e exhibición cinematográfica tamén se viu especialmente afectado pola crise sanitaria. Ademais, o sistema de axudas á cinematografía está baseado nunha serie de fitos, como o inicio da rodaxe, a cualificación das películas, a obtención da nacionalidade, a estrea comercial das películas en salas de cine e o recoñecemento do custo, que xeran obrigacións de cumprimento sucesivo, de modo que o eventual incumprimento dalgunha delas implica necesariamente o das posteriores. Por iso, cómpre flexibilizar e adaptar ás circunstancias existentes o cumprimento dos ditos requisitos,

dando a oportunidade ás empresas de cumprir coas súas obrigacións nun contexto que non lles é imputable. Tamén se adapta transitoriamente a definición de «estrea comercial» das películas, permitindo que, ata que as salas de exhibición volvan estar en funcionamento, se poida considerar como tal o realizado a través de servizos de comunicación audiovisual televisiva, servizos de comunicación electrónica que difundan canles de televisión e servizos de catálogos de programas. Por último, establécese a concesión directa de axudas ás salas de exhibición cinematográfica, cuxa actividade se viu tamén suspendida, para facer fronte tanto aos gastos subsistentes como á necesaria promoción para a volta á actividade, habilitando igualmente un crédito extraordinario para o seu financiamento.

O capítulo IV regula as medidas relativas ao sector do libro e á arte contemporánea. En primeiro lugar, créase un mecanismo extraordinario de axudas para garantir o apoio urxente ao mantemento das estruturas do sector libreiro e da cadea de subministración do libro. O sistema será implementado pola Dirección Xeral do Libro e Fomento da Lectura, en exercicio das súas competencias, baseándose nos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. As axudas outorgaranse seguindo o procedemento de concorrencia competitiva e rexeranse tamén polo disposto neste real decreto lei e na resolución de convocatoria.

En segundo lugar, e respecto á arte contemporánea, as axudas vertébranse, por un lado, incrementando as partidas correspondentes á súa promoción, orientando aquelas a facer fronte de forma inmediata ao impacto negativo da crise sanitaria do COVID-19. E, por outro, mediante unha dotación extraordinaria para a adquisición de arte contemporánea española. Con iso favorecerase o mercado interno de arte contemporánea, ao cal, por primeira vez, se lle dedicará unha cantidade específica e independente do resto de orzamento que anualmente executa a Dirección Xeral de Belas Artes na adquisición de pezas para as coleccións públicas do Estado. O financiamento do apoio previsto neste capítulo implica a concesión do crédito extraordinario correspondente.

Por último, o capítulo V regula outras medidas, tales como as que se adoptan para as actividades culturais subvencionadas que resultaron canceladas como consecuencia do COVID-19, o que permite dar seguridade xurídica aos beneficiarios das subvencións concedidas. Ademais, introdúcese unha disposición relativa ás axudas tramitadas polo Consello Superior de Deportes, cuxa contía se ve determinada polos resultados obtidos polos deportistas en diferentes competicións. Dado que a situación xerada pola evolución do COVID-19 supuxo a suspensión de moitas daquelas, cómpre prever a continuidade das ditas axudas, evitando que os deportistas beneficiarios, que non puideron competir nin, polo tanto, alcanzar os resultados de que dependen estas, por causa que non lles é imputable, se vexan privados delas.

Por outra parte, a disposición adicional primeira establece o límite total acumulado, en todo momento, durante o exercicio 2020, dos compromisos outorgados polo Estado respecto a todas as obras ou conxuntos de obras cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Cultura e Deporte e dos seus organismos públicos adscritos. A disposición adicional única do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía, fixaba o límite dos ditos compromisos para o exercicio 2019, polo que se debe proceder a determinar o correspondente ao ano 2020, dando cumprimento ao previsto na disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Pola súa parte, as disposicións adicionais segunda a sexta declaran acontecemento de excepcional interese público o Plan Berlanga, o Programa Alacant 2021, o evento «España País Invitado de Honor na Feira do Libro de Fráncfort en 2021», o Plan de fomento da ópera na rúa do Teatro Real e o acontecemento «175 Aniversario da construción do *Gran Teatre del Liceu*», para contribuír a obter financiamento privado que se destine á reactivación do sector.

A seguinte disposición adicional persegue facilitar a protección do colectivo de autores e artistas que non reúnen os requisitos para accederen a un subsidio de desemprego ou a

unha pensión de xubilación. Neste contexto, os fondos asistenciais postos en marcha desde hai décadas polas entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual para os seus socios máis necesitados son instrumentos fundamentais, e débese atribuír temporalmente á asemblea xeral a facultade de incrementar os recursos destinados á realización de actividades asistenciais, para garantir a súa eficacia en beneficio dos seus membros máis vulnerables.

Por outro lado, a disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, supuxo a suspensión das licitacións dos contratos públicos en xeral. Aínda que a norma establecía algunhas excepcións, a prolongación da duración do estado de alarma puido chegar a provocar en certos casos unha situación de posible prexuízo para os intereses públicos que todos os diferentes contratos públicos tratan de servir.

Nos procedementos de contratación existe un bo número de garantías procedementais que teñen por finalidade asegurar o respecto aos principios máis esenciais que protexen os interesados, principios que se deben aplicar de maneira harmónica e coordinada coas necesidades de interese público antes mencionadas. Por esta razón, ben que no seu momento parecía lóxico que na fase inicial do estado de alarma se adoptasen medidas máis intensas co fin de evitar o prexuízo dos dereitos dos administrados ante as medidas limitativas necesariamente impostas para loitar contra o COVID-19, no momento actual, en que se iniciou unha mellora da situación e unha progresiva relaxación das medidas acordadas, parece lóxico alzar a suspensión xeral imposta ás licitacións públicas en todos aqueles supostos en que non poida existir ningunha mingua para os dereitos dos licitadores. Tal circunstancia é plenamente concorrente nos casos en que a selección do contratista se verifica mediante a tramitación electrónica dos procedementos de contratación, a cal permite e garante a presentación electrónica da documentación requirida e o acceso igualmente electrónico aos diferentes trámites de procedemento. Esta previsión, recollida na disposición adicional oitava, permitirá tamén o inicio de novos procedementos de contratación que reúnan estes requisitos, e estenderase ademais aos recursos especiais que procedan.

Tamén se acordan, na liña indicada de promover e facilitar o financiamento privado, unha serie de modificacións normativas. Así, a disposición derradeira primeira modifica o artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, incrementando os incentivos fiscais relacionados coa produción cinematográfica, como medida que favorece a maior competitividade do sector cinematográfico e audiovisual español no contorno nacional e internacional. Coa modificación proposta permitirase incrementar a atracción de producións e rodaxes internacionais e a actividade económica do sector audiovisual en España, de modo que se xere emprego e se produza o subseguinte incremento de ingresos tributarios, ademais de contribuír positivamente á promoción de España.

Igualmente, resulta imprescindible incrementar a participación cidadá no financiamento de proxectos de mecenado, polo que se modifica a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, para elevar en 5 puntos porcentuais as porcentaxes de dedución previstas para as doazóns efectuadas por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, elevación que resulta igualmente aplicable aos contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes que operen en territorio español sen establecemento permanente. Así mesmo, as disposicións derradeira terceira a quinta amplían o prazo doutros programas considerados como acontecementos de excepcional interese público.

Por outra parte, modifícase a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. A situación socioeconómica provocada polo COVID19 xustifica a adopción de medidas urxentes para modificar o sistema de prezos públicos universitarios con vistas ao curso 2020/21. Así, a disposición derradeira sétima incluída neste real decreto lei elimina o sistema de rango de prezos, que impactou de forma significativa sobre a estrutura destes. Tal sistema comportou non só un incremento deles en termos xerais, senón un

aumento notable da disparidade nos ditos prezos en función da comunidade autónoma onde se preste o dito servizo, o que afecta de forma grave o acceso á educación universitaria pública e o principio de igualdade de dereitos e deberes dos españois. Desta forma, foméntase o acceso ao ensino superior público e evita que os altos prezos públicos universitarios provoquen a falta de equidade e o abandono de estudos. Convén aclarar, igualmente, que a disposición modificada carece de carácter orgánico, conforme a disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

É necesario, de igual maneira, axustar a composición do Padroado da Fundación España Deporte Global, FSP, creada polo Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, para que forme parte del unha representación das federacións deportivas españolas e competicións oficiais e non oficiais. Con iso, facilitarase, con carácter inmediato, o funcionamento e a toma de decisións do órgano de goberno da entidade, facendo máis áxil e operativo o seu desempeño ordinario.

Ademais, considérase necesario modificar a actual regulación das encargas de entidades pertencentes ao sector público que non teñan a consideración de poder adjudicador a medios propios personificados, cuxa interpretación suscitou en ocasións dúbidas, co fin de completar e precisar máis a súa redacción, así como de facilitar que os órganos do Estado e das comunidades autónomas poidan exercer as funcións que teñen conferidas coa máxima eficiencia e coordinación, aspectos ambos especialmente necesarios nas actuais circunstancias económicas e sociais derivadas do COVID-19, sempre con pleno respecto á libre competencia. Así, a disposición derradeira oitava modifica a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, aclarando que o requisito do control exigido para a consideración dun medio propio personificado respecto dunha entidade pertencente ao sector público que non teña a consideración de poder adjudicador se remite ao previsto para os poderes adjudicadores; e precísase o réxime aplicable ás encargas horizontais, é dicir, aos casos en que unha entidade do sector público estatal das características indicadas realice unha encarga a outra do mesmo sector, controladas ambas, directa ou indirectamente, por unha mesma entidade do dito sector, así como o réxime da compensación que percibirá nestes casos a entidade que reciba a encarga.

Finalmente, complétanse e acláranse as medidas xa adoptadas en materia de contratación para afrontar as consecuencias derivadas da situación creada polo COVID-19, recollidas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Para tal efecto, aclárase o ámbito de aplicación, incluíndo os contratos actualmente vixentes subscritos polas entidades pertencentes ao sector público calquera que sexa a normativa de contratación pública á cal estean suxeitos conforme o prego. Por outra parte, nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que quedasen suspendidos conforme o previsto no real decreto lei, precísase a posibilidade de que o órgano de contratación poida realizar anticipos á conta do importe estimado da indemnización que corresponda ao contratista. E, en materia de concesións, especifícanse determinados aspectos do réxime de restablecemento do equilibrio económico do contrato, e pola necesidade de precisar a regulación de determinadas encargas previstas na lexislación de contratación pública.

III

O artigo 86 da Constitución permite ao Goberno ditar decretos lei «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F 5; 11/2002, do 17 de

xaneiro, F 4; 137/2003, do 3 de xullo, F 3, e 189/2005, do 7 xullo, F 3), auxiliar nunha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Non ofrece ningunha dúbida que a situación que afronta o noso país pola declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional, unida á recente declaración de estado de alarma, xeran a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar diversas medidas. Ademais, a adopción de medidas de carácter económico acudindo ao instrumento do real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional, sempre que concorra unha motivación explícita e razoada da necesidade, entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta, e da urxencia, asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

Os organismos internacionais e os principais servizos de estudos estanse enfrontando con moita precaución á estimación do impacto do COVID-19 sobre a economía no cambiante escenario actual, suxeito a unha grande incerteza, pero non cabe dúbida de que será moi significativo. Entre as últimas estimacións, publicouse recentemente o Informe de perspectivas da economía mundial do FMI de abril de 2020, no cal se prevé un importante impacto da crise sanitaria en termos de crecemento e emprego, non só de España senón tamén doutros países da nosa contorna e da economía mundial no seu conxunto, ben que, no seu escenario base, se espera que a pandemia se disipe no segundo semestre de 2020 e que as medidas de contención poidan irse repregando, de maneira que a actividade económica se vaia normalizando gradualmente grazas ao apoio brindado polas distintas políticas aplicadas. Tamén o Banco de España fixo públicas as súas estimacións de crecemento para este ano e o próximo, no cal se recollen distintos escenarios de redución da actividade.

Tendo en conta ese contexto, o presente real decreto lei continúa e reforza os apoios públicos e privados mobilizados polo Goberno español nas pasadas semanas, e céntrase no apoio a empresas e traballadores do sector cultural, adoptando medidas específicas para dar resposta ás necesidades que xorden da situación excepcional creada pola crise sanitaria; apoiando os axentes económicos e sociais para que a súa incidencia sexa a menor posible, e facilitando a recuperación económica cando comece a remitir a crise pandémica. As previsións desta disposición responden a esa finalidade, encamiñándose a mellorar a situación do sector e dos profesionais da cultura a través de diferentes instrumentos para afrontar as consecuencias do COVID-19.

Así mesmo, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de Inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e a saúde pública. Os motivos de oportunidade que acaban de expoñerse demostran que, en ningún caso, este real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma, ao responder á finalidade lexítima de aprobar medidas que contribúan a abordar de forma inmediata o impacto económico e social do COVID-19 (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Debe sinalarse tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral. En particular, e polo que se refire ás medidas de carácter tributario, como sinala a STC 100/2012, do 8 de maio, no seu FX 9, «do feito de que a materia tributaria estea

suxeita ao principio de reserva de lei (arts. 31.3 e 133.1 e 3 CE) e de que a dita reserva teña carácter relativo e non absoluto «non deriva necesariamente que se encuentre excluída do ámbito de regulación do decreto lei, que poderá penetrar na materia tributaria sempre que se dean os requisitos constitucionais do presuposto habilitante e non 'afecte', no sentido constitucional do termo, as materias excluídas» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 8; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; e 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; 245/2004, do 16 de decembro, FX 4; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). É dicir, «o feito de que unha materia estea reservada á lei ordinaria, con carácter absoluto ou relativo, non exclúe a súa regulación extraordinaria e provisional mediante decreto lei» (SSTC 60/1986, do 20 de maio, FX 2; e 182/1997, do 20 de outubro, FX 8). Ao que este tribunal debe atender ao interpretar o límite material do art. 86.1 CE «non é, pois, ao modo en que se manifesta o principio de reserva de lei nunha determinada materia, a tributaria neste caso (se ten carácter absoluto ou relativo e que aspectos da dita materia se encontran amparados ou non pola dita reserva), senón máis ben ao exame de se existiu 'afectación' polo decreto lei dun dereito, deber ou liberdade regulados no título I da Constitución», o que exixirá «ter en conta a configuración constitucional do dereito ou deber afectado en cada caso e a natureza e o alcance da concreta regulación de que se trate» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 8; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 245/2004, do 16 de decembro, FX 4; 189/2005, do 7 de xullo, FX 7; e 329/2005, do 15 de decembro, FX 8). E, sobre este particular, na sección 2 do capítulo segundo do título I da Constitución, baixo a rúbrica «Dos dereitos e deberes dos cidadáns», insírese o art. 31.1 CE, precepto que establece «un auténtico mandado xurídico, fonte de dereitos e obrigacións», do cal «deriva un deber constitucional para os cidadáns de contribuír, a través dos impostos, ao sostemento ou financiamento dos gastos públicos» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 6; 245/2004, do 16 de decembro, FX 5; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7); en consecuencia, é un dos «deberes cuxa afectación está vedada ao decreto lei o deber de contribuír ao sostemento dos gastos públicos que enuncia o art. 31.1 CE» (SSTC 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 245/2004, do 16 de decembro, FX 5, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7) (...).

Pois ben, o artigo 31.1 da Constitución española «conecta o citado deber de contribuír co criterio da capacidade económica» e relaciónao, pola súa vez, «non con calquera figura tributaria en particular, senón co conxunto do sistema tributario», polo que queda claro «que o decreto lei non poderá alterar nin o réxime xeral nin aqueles elementos esenciais dos tributos que inciden na determinación da carga tributaria, afectando así o deber xeral dos cidadáns de contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa riqueza mediante un sistema tributario xusto» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). De maneira que vulnerará o art. 86 CE «calquera intervención ou innovación normativa que, pola súa entidade cualitativa ou cuantitativa, altere sensiblemente a posición do obrigado a contribuír segundo a súa capacidade económica no conxunto do sistema tributario» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). Por tanto, será preciso ter en conta «en cada caso en que tributo concreto incide o decreto lei –constatando a súa natureza, estrutura e a función que cumpre dentro do conxunto do sistema tributario, así como o grao ou medida en que intervén o principio de capacidade económica, que elementos del –esenciais ou non– resultan alterados por este excepcional modo de produción normativa e, en fin, cal é a natureza e alcance da concreta regulación de que se trate» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7).».

Á luz destas consideracións, cabe afirmar que as medidas tributarias contidas neste real decreto lei non vulneran o citado artigo 31 da Constitución xa que, como se sinala na antes citada STC 100/2012 (FX 9), non alteran «de maneira relevante a presión fiscal que deben soportar os contribuíntes e, por conseguinte, non provocou un cambio substancial da posición dos cidadáns no conxunto do sistema tributario, de maneira que non afectou a esencia do deber constitucional de contribuír ao sostemento dos gastos públicos que enuncia o artigo 31.1 CE» (SSTC 137/2003, do 3 de xullo, FX 7; e 108/2004, do 30 de

xuño, FX 8). A modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, circunscríbese a deducións específicas, nun sector produtivo determinado, polo que carece dun alcance xeral, sen chegar a afectar amplamente a totalidade dos contribuíntes e a obrigaón de contribuír ao sostemento dos gastos públicos conforme a súa capacidade económica. A mesma consideración debe facerse respecto da reforma da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e do establecemento ou ampliación do prazo de programas considerados como acontecementos de excepcional interese público.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, de forma manifesta como poucas veces, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para recorrer ao instrumento xurídico do real decreto lei.

Este real decreto lei responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen, e o real decreto lei é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, e é coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública, que non son aplicables á tramitación e aprobación de decretos lei. Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei impón as cargas administrativas necesarias para a consecución dos seus fins.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.2 da Constitución española, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e, ademais, polos títulos competenciais previstos no artigo 149.1.1.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a, 18.^a e 30.^a da Constitución.

En virtude de canto foi exposto, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Cultura e Deporte e da ministra de Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de maio de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas para facilitar o financiamento do sector cultural e de apoio aos seus traballadores

Artigo 1. Concesión directa de subvencións á Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR, para o impulso do financiamento do sector cultural.

1. De acordo co establecido no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécese a concesión directa das seguintes subvencións para o impulso do financiamento do sector cultural:

a) Á Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR, por importe de 16.250.000 € para a dotación do seu fondo de provisións técnicas, con cargo á aplicación 24.04.334C.771.

b) Á Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR por importe de 3.750.000 € para o financiamento do custo da comisión de apertura dos avais dos préstamos a empresas do sector cultural con motivo da crise do COVID 19, con cargo á aplicación 24.04.334C.472.

2. A concesión destas subvencións instrumentarase mediante resolución do ministro de Cultura e Deporte e executarase a través de transferencia do Ministerio de Cultura e Deporte á Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR, segundo o previsto no artigo 66.1 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

3. A resolución poderá establecer que o aboamento das subvencións se realice nun único pagamento anticipado, de acordo co previsto no artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento de desenvolvemento.

4. En defecto do previsto neste real decreto lei, será de aplicación supletoria a estas subvencións o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento de desenvolvemento, salvo no que nunha e noutro afecte a aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

5. A Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR promoverá, en colaboración coas entidades financeiras que desexen participar, as seguintes liñas de financiamento dirixidas a empresas do sector cultural por un importe total de 780.000.000 €:

- Liña audiovisual.
- Liña das artes escénicas.
- Liña da industria musical.
- Liña da industria do libro.
- Liña das belas artes.
- Liña doutras empresas do sector cultural.

Cada liña financiará proxectos do ámbito que lle sexa propio e recibirá un importe mínimo de 40 millóns de euros, sen que iso afecte o réxime xeral de responsabilidade do fondo de provisións técnicas, conforme o establecido na Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre o réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca. A resolución de concesión preverá os mecanismos necesarios para permitir que, no caso de non se esgotar o importe mínimo dalgunha liña no prazo que se determine, poida acrecentar as demais.

A Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR dará conta mensualmente da distribución do financiamento por liñas ante unha comisión de seguimento integrada por un representante da propia sociedade e polos titulares da Secretaría Xeral de Cultura e da Subsecretaría de Cultura e Deporte.

6. O custo da comisión de apertura do aval para acceder ás liñas previstas no punto anterior será do 0,5 %.

Estes custos serán financiados con cargo á subvención prevista na letra b) do número 1 deste artigo.

As restantes condicións das liñas determinaranse na resolución de concesión correspondente.

7. Para proceder ao pagamento das subvencións a que se refire este artigo, autorízase a aplicación do Fondo de Continxencia e a concesión dos seguintes créditos extraordinarios no Ministerio de Cultura e Deporte:

3.750.000 euros na aplicación 24.04.334C.472, «Á Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR, para o financiamento do custo da comisión de apertura dos avais dos préstamos a empresas do sector cultural con motivo da crise do COVID 19».

16.250.000 euros na aplicación 24.04.334C.771, «Á Sociedade de Garantía Recíproca Audiovisual Fianzas SGR, para a dotación do seu fondo de provisións técnicas».

Os anteriores créditos extraordinarios financiaranse da seguinte forma:

9.730.000 euros procedentes das achegas e transferencias do Ministerio de Cultura e Deporte e dos seus organismos autónomos.

10.270.000 euros de conformidade co establecido no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Para dar cumprimento ao anterior realizaranse as modificacións orzamentarias que resulten necesarias, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 2. *Acceso extraordinario á prestación por desemprego dos artistas en espectáculos públicos que non se encontren afectados por procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada reguladas polo Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

1. Con carácter excepcional e transitorio para o exercicio 2020, durante os períodos de inactividade a que se refire o artigo 249 ter do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, a acción protectora alí regulada comprenderá as prestacións económicas por desemprego, ademais da prestación por nacemento e coidado de menor, xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia derivadas de continxencias comúns.

O recoñecemento do dereito á prestación nacerá a partir do día seguinte a aquel en que se presente a solicitude, para o cal se deberán cumprir os requisitos restantes establecidos no artigo 266 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A prestación será incompatible con calquera percepción derivada de actividades por conta propia ou por conta allea, ou con calquera outra prestación, renda mínima, renda de inclusión, salario social ou axudas análogas concedidas por calquera Administración pública.

2. A aqueles traballadores que, como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19, non poidan continuar realizando a actividade laboral que deu lugar á súa inclusión no réxime xeral como artistas en espectáculos públicos recoñeceráselles, durante os períodos de inactividade no exercicio 2020 que respondan a aquela circunstancia e para efectos do disposto no artigo 266 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, estaren en situación legal de desemprego, así como teren cuberto o período mínimo de cotización de o acrediten nos termos do número 3 desta disposición, sempre que non estean percibindo ou optasen pola prestación contributiva por desemprego ordinaria prevista no artigo 262 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

O recoñecemento do dereito á prestación nacerá a partir do día seguinte a aquel en que se presente a solicitude, para o cal se deberán cumprir os requisitos restantes establecidos no artigo 266 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A prestación será incompatible con calquera percepción derivada de actividades por conta propia ou por conta allea, ou con calquera outra prestación, renda mínima, renda de inclusión, salario social ou axudas análogas concedidas por calquera Administración pública.

3. A duración da prestación por desemprego prevista nesta disposición estará en función dos días de alta en seguridade social con prestación real de servizos na dita actividade no ano anterior á situación legal de desemprego, conforme a seguinte escala:

Días de actividade	Período de prestación (en días)
Desde 20 ata 54.	120
Desde 55 en diante.	180

4. A base reguladora da prestación por desemprego prevista nos puntos anteriores estará constituída pola base de cotización mínima vixente en cada momento, por continxencias comúns, correspondente ao grupo 7 da escala de grupos de cotización do réxime xeral.

CAPÍTULO II

Medidas de apoio ás artes escénicas e da música

Artigo 3. *Sistema de axudas extraordinarias ás artes escénicas e da música como consecuencia do impacto negativo da crise sanitaria do COVID-19.*

1. Establécese un sistema de axudas extraordinarias ás artes escénicas e da música como consecuencia do impacto negativo da crise sanitaria do COVID-19. Estas axudas terán carácter excepcional e concederanse por unha soa vez, conforme as seguintes condicións:

a) As axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e mediante o procedemento de concorrencia competitiva, coas especialidades establecidas nesta disposición e na resolución de convocatoria.

b) As axudas están dirixidas a aquelas situacións que de maneira indubidable deriven da emerxencia provocada polo COVID-19, nos termos que se sinalen na resolución de convocatoria.

c) O réxime de xustificación virá fixado na resolución de convocatoria.

2. Poderán solicitar estas axudas, con carácter xeral e nos termos establecidos na resolución de convocatoria, as persoas físicas, sempre que estean en alta no réxime especial de traballadores autónomos, así como as persoas xurídicas, públicas ou privadas, que se dediquen ás artes escénicas e da música. Os solicitantes deberán ter establecemento permanente en calquera dos Estados da Unión Europea e demais Estados do Espazo Económico Europeo, con plena igualdade de trato.

Quedarán excluídos aqueles solicitantes que teñan a súa residencia fiscal en países e territorios considerados paraísos fiscais no Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, polo que se determinan os países ou territorios a que se refiren os artigos 2.º, punto 3, número 4, da Lei 17/1991, do 27 de maio, de medidas fiscais urxentes, e 62 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades en quen concorra algunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. As axudas articularanse a través das seguintes liñas, incluídas no ámbito de actuación do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música:

- a) Apoio ao mantemento das estruturas das artes escénicas e musicais.
- b) Axudas ás actividades escénicas e musicais e proxectos culturais.

4. Corresponderá ao Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música ditar cantas resolucións sexan necesarias para a tramitación e resolución dos procedementos de convocatoria e concesión, así como o pagamento das axudas.

5. Estas axudas rexeranse polo disposto neste real decreto lei e na resolución de convocatoria. Só resultará de aplicación o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento de desenvolvemento, cando expresamente se dispoña.

6. Autorízase a concesión dun crédito extraordinario na sección 24 «Ministerio de Cultura e Deporte», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», programa 000X «Transferencias internas», concepto 418 «Ao Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música para necesidades excepcionais provocadas pola crise do coronavirus COVID-19», por importe de 23.700.000 euros.

A repercusión do punto anterior no INAEM é a seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS:

A) Aplicación 24.107.400 «Do departamento por necesidades excepcionais provocadas pola crise do COVID-19», 23.700.000 euros.

ORZAMENTO DE GASTOS:

A) Aplicación 24.107.335A.462. «Axudas ás estruturas culturais de entidades de actividades de danza, lírica e música para necesidades excepcionais derivadas da crise do COVID-19», 5.500.000 euros.

B) Aplicación 24.107.335A.470. «Axudas ás actividades e proxectos culturais de entidades de danza, lírica e música para necesidades excepcionais derivadas da crise do COVID-19», 4.850.000 euros.

C) Aplicación 24.107.335B.463. «Axudas ás estruturas culturais de entidades de actividades de teatro e circo para necesidades excepcionais derivadas da crise do COVID-19», 6.600.000 euros.

D) Aplicación 24.107.335B.472. «Axudas ás actividades e proxectos culturais de entidades de teatro e circo para necesidades excepcionais derivadas da crise do COVID-19», 6.750.000 euros. O financiamento dos anteriores créditos extraordinarios realizarase de conformidade co establecido no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

7. De conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, adoptaranse os acordos necesarios para habilitar os créditos que sexan precisos para atender as contías das obrigacións que derivan da aplicación deste real decreto lei.

Artigo 4. Contratos do sector público de interpretación artística e de espectáculos suspendidos ou resoltos.

1. Cando, como consecuencia do COVID-19 ou das medidas sanitarias ou de contención adoptadas ao respecto, se acorde a modificación ou suspensión, para seren executados nunha data posterior, de contratos de interpretación artística e de espectáculos de contía non superior a 50.000 euros, subscritos polas entidades pertencentes ao sector público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o órgano de contratación poderá acordar que se lle aboe ao contratista ata un 30 por cento do prezo do contrato, como anticipo á conta do dito prezo.

O pagamento do anticipo á conta non estará supeditado á prestación de garantía por parte do contratista.

2. Cando, como consecuencia do COVID-19, ou das medidas sanitarias ou de contención adoptadas ao respecto, teña lugar a resolución de contratos de interpretación artística e de espectáculos de contía non superior a 50.000 euros, subscritos polas entidades pertencentes ao sector público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, pola causa prevista na letra g) do número 1 do seu artigo 210, o órgano de contratación poderá acordar unha indemnización a favor do contratista, que non poderá ser inferior ao 3 nin superior ao 6 por cento do prezo do contrato.

Nestes supostos, non será de aplicación o previsto no artigo 213.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

CAPÍTULO III

Medidas de apoio á cinematografía e ás artes audiovisuais

Artigo 5. Ampliación de prazos para o cumprimento de obrigacións impostas a películas beneficiarias de axudas concedidas no período 2016 a 2019.

1. Amplíanse os prazos para o cumprimento das obrigacións que se sinalan a continuación, cando lles resulten de aplicación, en relación coas películas beneficiarias de axudas xerais e selectivas para a produción de longametraxes sobre proxecto, así como de axudas á produción de curtametraxes sobre proxecto concedidas entre os anos 2016 a 2019 ao abeiro da Orde ECD/2796/2015, do 18 de decembro, pola que se establecen as

bases reguladoras das axudas previstas no capítulo III da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cine, e se determina a estrutura do Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, e da Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas previstas no capítulo III da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e se determina a estrutura do Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, así como das correspondentes resolucións de convocatoria e concesión.

a) Para as películas beneficiarias de axudas xerais e selectivas para a produción de longametraxes sobre proxecto que se estreen no ano 2020, ampliáanse os seguintes prazos establecidos nas súas correspondentes bases reguladoras:

1.º Ampliáase en cinco (5) meses o prazo establecido para presentar a declaración de ingresos ante o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

2.º Ampliáase en dez (10) meses o prazo máximo establecido para a estrea comercial en salas de exhibición da longametraxe.

b) Para as películas beneficiarias de axudas xerais e selectivas para a produción de longametraxes sobre proxecto e de axudas para a produción de curtametraxes sobre proxecto, ampliáanse os seguintes prazos establecidos nas súas bases reguladoras, cando os ditos prazos venzan no ano 2020, a partir da entrada en vigor do estado de alarma:

1.º Ampliáase en cinco (5) meses o prazo para comunicar ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais a fin da rodaxe e solicitar a cualificación e o certificado de nacionalidade da película.

2.º Ampliáase en catro (4) meses o prazo para acreditar o custo da película.

3.º Ampliáase en catro (4) meses o prazo para entregar unha copia da película obxecto de axuda á Filmoteca Española.

2. En supostos especialmente xustificadas, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá estender, por solicitude das empresas beneficiarias das axudas e mediante resolución motivada, os prazos establecidos no punto anterior.

Artigo 6. Medidas para flexibilizar o cumprimento de determinadas obrigacións que se deban realizar no ano 2020.

1. As obrigacións establecidas no artigo 14.1, letras d) e e), e artigo 23.1, letras d) e e), da Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo, e nos puntos correlativos das correspondentes resolucións de convocatoria e concesión, respecto aos proxectos de películas cinematográficas beneficiarios das axudas xerais e selectivas para a produción de longametraxes sobre proxecto, quedan modificadas nos termos que se indica nos puntos seguintes.

2. O número de salas exixido para o cumprimento dos requisitos relativos á estrea da longametraxe, cando a dita estrea se realice no ano 2020, reducirase da seguinte maneira:

a) Respecto á obrigación establecida no artigo 14.1.e) da Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo, e nos correlativos das resolucións de convocatoria e concesión, a estrea deberase efectuar en:

1.º Vinte (20) salas para longametraxes cun custo recoñecido superior a 2.000.000 euros.

2.º Dez (10) salas para longametraxes con custo igual ou inferior a 2.000.000 euros.

3.º Seis (6) salas para longametraxes con versión orixinal en linguas cooficiais distintas do castelán, en tres (3) das cales, polo menos, se exhibirán na súa versión orixinal.

4.º Dúas (2) salas para longametraxes de carácter documental.

b) Respecto á obrigación establecida no artigo 23.1.e) da Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo, e nos correlativos das resolucións de convocatoria e concesión, a estrea deberase

efectuar en sete (7) salas, que se reducirán a dúas (2) para longametraxes de carácter documental e para longametraxes con versión orixinal en linguas cooficiais distintas do castelán.

3. Os gastos que se deben destinar a copias, publicidade e promoción para a estrea da longametraxe en salas de exhibición en España, conforme os artigos 14.1.d) e 23.1.d) da Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo, e nos correlativos das resolucións de convocatoria e concesión, cando a dita estrea se realice no ano 2020, serán de, polo menos, o 7 % no caso de axudas xerais e o 3 % no caso de axudas selectivas. Cando a axuda percibida fose inferior ao 75 % da solicitada, os gastos deberán ser de, polo menos, o 5 % no caso de axudas xerais e o 2 % no caso de axudas selectivas.

4. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación, de ser o caso, ás obrigacións establecidas no artigo 14.1, letras d) e e), e artigo 22.1, letras d) e e), da Orde ECD/2796/2015, do 18 de decembro.

Artigo 7. Exixibilidade da obrigación de inicio e comunicación de rodaxe.

1. A obrigación de iniciar a rodaxe e de comunicalo ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou ao organismo autonómico competente, establecida na Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo, e nas correspondentes resolucións de convocatoria e concesión, exixirase a partir da fin da vixencia da declaración do estado de alarma para todos os proxectos de películas cinematográficas beneficiarios das seguintes liñas de axudas concedidas no exercicio 2019:

- a) Axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto.
- b) Axudas selectivas para a produción de longametraxes sobre proxecto.
- c) Axudas á produción de curtametraxes sobre proxecto.

Para estes efectos, e unha vez finalizada a vixencia da declaración do estado de alarma, iniciarase de novo o cómputo do prazo da citada obrigación, con independencia do que xa transcorre.

2. No caso de coproducións con empresas estranxeiras, así como noutros especialmente xustificadas, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá ampliar, por solicitude das empresas beneficiarias das axudas e mediante resolución motivada, os prazos para o cumprimento da dita obrigación.

Artigo 8. Pagamento das axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto.

Como excepción ao establecido na Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo, e nas resolucións de convocatoria e concesión, as empresas beneficiarias no ano 2019 das axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto recibirán, logo de solicitude, o 50 % da axuda outorgada sen necesidade de ter comunicado ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, ou ao organismo autonómico competente, o inicio da rodaxe da longametraxe.

Artigo 9. Recoñecemento de custos.

Serán recoñecidos como custo da película conforme o previsto na Orde ECD/2784/2015, do 18 de decembro, os gastos subvencionables en que incorresen as empresas beneficiarias das axudas xerais e selectivas á produción de longametraxes sobre proxecto e axudas á produción de curtametraxes sobre proxecto, concedidas no exercicio 2019 e, de ser o caso, en exercicios anteriores, que, como consecuencia do COVID-19 ou das medidas establecidas para combatelo, non se puidesen aplicar, total ou parcialmente, ao proxecto obxecto da subvención percibida.

Artigo 10. Estrea comercial dunha película a través de determinados servizos de comunicación ou de catálogos de programas.

1. Ata o 31 de agosto de 2020, considerarase tamén estrea comercial dunha película, sen que esta perda a súa condición de película cinematográfica conforme se define no artigo 4.a) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, a que se leve a cabo a través de servizos de comunicación audiovisual televisiva, así como de servizos de comunicación electrónica que difundan canles de televisión ou de servizos de catálogos de programas.

2. Cando se realice a estrea a través dalgún dos servizos previstos no punto anterior, non serán exixibles ás películas que fosen beneficiarias de axudas outorgadas polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais as obrigacións establecidas no artigo 14.1.d) e e), e no artigo 23.1.d) e e) da Orde CUD/769/2018, do 17 de xullo, respecto ás axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto e axudas selectivas para a produción de longametraxes sobre proxecto, respectivamente, así como nos preceptos correspondentes das resolucións de convocatoria e concesión.

As ditas películas deberán cumprir necesariamente coas obrigacións relativas á solicitude de nacionalidade e de cualificación.

3. Mediante orde do ministro de Cultura e Deporte poderase ampliar o prazo establecido no número 1 deste artigo cando, por causas derivadas das medidas sanitarias ou de contención adoptadas, persistan na data indicada limitacións no normal funcionamento da exhibición cinematográfica.

Artigo 11. Concesión directa de subvencións para titulares de salas de exhibición cinematográfica.

1. De acordo co establecido no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no marco da crise sanitaria xerada polo COVID-19, establécese a concesión directa de subvencións para persoas físicas ou xurídicas titulares de salas de exhibición cinematográfica que figuren no Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

2. Estas axudas irán destinadas a sufragar os gastos que a continuación se relacionan realizados polas salas de exhibición cinematográfica no ano 2020 derivados da crise do COVID-19:

a) Gastos incidentais xerados como consecuencia das medidas sanitarias adoptadas. Entre outros, implementación dun plan de prevención de riscos para traballadores e público, desinfección, compra de material –máscaras, luvas, xabón desinfectante, anteparos– ou sinalética específica, entre outros elementos e accións necesarias para a protección e seguridade das persoas.

b) Campañas orientadas á reapertura e volta do público aos cines.

c) Actuacións que permitan aumentar a programación de campañas escolares.

d) Espazo publicitario para promoción e tráiler de cine español nas salas, así como de campañas institucionais.

3. Autorízase a aplicación do Fondo de Continxencia e a concesión dun crédito extraordinario na sección 24 «Ministerio de Cultura e Deporte», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», programa 000X «Transferencias internas», concepto 419 «Ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais para a creación dun fondo social extraordinario derivado da crise do coronavirus COVID-19», por importe de 13.252.000 euros.

A súa repercusión no orzamento do ICAA é a seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS:

A) Aplicación 24.103.400.02 «Do departamento a que está adscrito por necesidades excepcionais provocadas pola crise do COVID-19», 13.252.000 euros.

ORZAMENTO DE GASTOS:

A) Aplicación 24.103.335C.475. «Para sufragar os gastos que sexan consecuencia das medidas sanitarias de prevención adoptadas, así como os destinados a favorecer a visibilidade da reapertura dos cines», 13.252.000 euros.

O financiamento deste crédito extraordinario realizarase de conformidade co artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

4. A convocatoria destas axudas efectuarase por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, e nela establecerase o prazo e forma para a presentación das solicitudes, os requisitos exixibles, a forma de xustificación dos gastos subvencionados e o importe máximo de cada unha das axudas.

5. A contía máxima da axuda virá dada polo número de pantallas de que dispoña cada sala de exhibición, conforme os seguintes criterios:

- a) 8.000 euros para salas cunha única pantalla.
- b) 14.000 euros para salas con 2 pantallas.
- c) 20.000 euros para salas que contén con entre 3 e 5 pantallas.
- d) 26.000 euros para salas que contén con entre 6 e 8 pantallas.
- e) 32.000 euros para salas que contén con máis de 8 pantallas.

6. Os titulares das salas de exhibición que desexen acceder a estas axudas deberán cumprir coa cota de pantalla de obras cinematográficas de Estados membros da Unión Europea establecida no artigo 18 da Lei 55/2007, do 28 de decembro. Non obstante, esta obrigación entenderase cumprida cando se programen obras destas características nunha porcentaxe de, polo menos, o 30 por 100 no ano inmediatamente posterior á recepción das axudas.

CAPÍTULO IV

Medidas de apoio ao sector do libro e da arte contemporánea

Artigo 12. *Sistema de axudas extraordinarias ao sector do libro como consecuencia do impacto negativo da crise sanitaria do COVID-19.*

1. Establécese, no ámbito de actuación da Dirección Xeral do Libro e Fomento da Lectura, un sistema de axudas extraordinarias ao sector do libro, para o mantemento das súas estruturas e da cadea de subministración do libro, como consecuencia do impacto negativo da crise sanitaria do COVID-19. Estas axudas terán carácter excepcional e concederanse por unha soa vez, conforme as seguintes condicións:

a) As axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, e mediante o procedemento de concorrencia competitiva, coas especialidades establecidas nesta disposición e na resolución de convocatoria.

b) As axudas están dirixidas a aquelas situacións que de maneira indubidable deriven da emerxencia provocada polo COVID-19, nos termos que se sinalen na resolución de convocatoria.

c) O réxime de xustificación virá fixado na resolución de convocatoria.

2. Poderán solicitar estas axudas, con carácter xeral e nos termos establecidos na resolución de convocatoria, as librarías independentes, entendendo por tales aqueles negocios dedicados á venda de libros que contén con un ou dous establecementos, con independencia do seu número de empregados ou das súas cifras de facturación, e cuxa oferta editorial non estea condicionada por un grosista ou distribuidor, senón que as compras sexan consecuencia da súa decisión autónoma.

Quedarán excluídos aqueles solicitantes que teñan a súa residencia fiscal en países e territorios considerados paraísos fiscais no Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, polo que se determinan os países ou territorios a que se refiren os artigos 2.º, punto 3, número 4, da Lei 17/1991, do 27 de maio, de medidas fiscais urxentes, e 62 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades nas cales concorra algunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. Corresponderá á Dirección Xeral do Libro e Fomento da Lectura ditar cantas resolucións sexan necesarias para a tramitación e resolución dos procedementos de convocatoria e concesión, así como o pagamento das axudas.

4. Estas axudas rexeranse polo disposto neste real decreto lei e na resolución de convocatoria. Só resultará de aplicación o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento de desenvolvemento, cando expresamente se dispoña.

5. Para proceder ao pagamento das axudas a que se refire este artigo, autorízase a aplicación do Fondo de Continxencia e a concesión dun crédito extraordinario no Ministerio de Cultura e Deporte por importe de 4.000.000 euros, na aplicación orzamentaria 24.03.334B.777 «Axudas ao mantemento da estrutura do sector libreiro e adaptación das librarías como consecuencia do impacto negativo da crise sanitaria do COVID-19».

O financiamento deste crédito extraordinario realizarase de conformidade co artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

6. Para dar cumprimento ao anterior, realizaranse as modificacións orzamentarias que resulten necesarias, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Artigo 13. Sistema de axudas extraordinarias á arte contemporánea española como consecuencia do impacto negativo da crise sanitaria do COVID-19.

1. Establécese, no ámbito de actuación da Dirección Xeral de Belas Artes, un sistema de axudas extraordinarias á arte contemporánea española como consecuencia do impacto negativo da crise sanitaria do COVID-19.

As axudas articularanse a través das seguintes liñas, incluídas no ámbito de actuación da Dirección Xeral de Belas Artes:

- a) Axudas para a promoción da arte contemporánea española.
- b) Adquisición específica de arte contemporánea española.

2. As axudas para a promoción da arte contemporánea española concederanse conforme as seguintes condicións:

a) As axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, e mediante o procedemento de concorrencia competitiva, coas especialidades establecidas nesta disposición e na resolución de convocatoria.

b) A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos termos fixados na resolución de convocatoria. As axudas recollerán aquelas situacións que de maneira indubidable deriven das consecuencias para o sector provocadas polo COVID-19, nos termos que se sinalen na resolución de convocatoria.

c) O réxime de xustificación virá fixado na resolución de convocatoria.

3. As axudas para a promoción da arte contemporánea española poderán solicitálas, con carácter xeral e nos termos establecidos na resolución de convocatoria, as galerías de arte con sede en territorio español ou os artistas visuais, críticos e comisarios residentes no dito territorio.

Quedarán excluídos aqueles solicitantes que teñan a súa residencia fiscal en países e territorios considerados paraísos fiscais no Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, polo que se determinan os países ou territorios a que se refiren os artigos 2.º, punto 3, número 4, da

Lei 17/1991, do 27 de maio, de medidas fiscais urxentes, e 62 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991.

Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades en quen concorra algunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. Corresponderá á Dirección Xeral de Belas Artes ditar cantas resolucións sexan necesarias para a tramitación e resolución dos procedementos de convocatoria e concesión, así como o pagamento das axudas.

5. Na falta de previsión neste real decreto lei, será de aplicación supletoria a estas axudas o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento de desenvolvemento.

6. Para proceder ao pagamento das axudas a que se refire este artigo, autorízase a aplicación do Fondo de Continxencia no orzamento do Ministerio de Cultura e Deporte por importe de 1.000.000 euros, e a autorización das seguintes modificacións orzamentarias:

a) Suplemento de crédito na aplicación orzamentaria 24.05.333B.471 «Axudas para a promoción da arte contemporánea española», por importe de 500.000 euros.

b) Crédito extraordinario na aplicación orzamentaria 24.05.337C.625 «Adquisición de obras de arte contemporánea española para as coleccións públicas do Estado a galerías de arte e a creadores, con residencia fiscal en España», por importe de 500.000 euros.

O financiamento destas modificacións orzamentarias realizarase de conformidade co artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

7. Para dar cumprimento ao anterior realizaranse as modificacións orzamentarias que resulten necesarias, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

CAPÍTULO V

Outras medidas

Artigo 14. *Actividades culturais subvencionadas que resultasen canceladas como consecuencia do COVID-19.*

Serán aboados aos beneficiarios de subvencións e axudas públicas outorgadas para a realización de actividades, obxectivos ou proxectos culturais aqueles gastos subvencionables debidamente acreditados e non recuperables en que incorresen para a realización do obxectivo, proxecto ou actividade subvencionados, cando estes non se puidesen levar a cabo, total ou parcialmente, como consecuencia das medidas previstas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e as súas prórrogas, ou daquelas que adopten as autoridades competentes para facer fronte á crise sanitaria do COVID-19.

Artigo 15. *Axudas convocadas polo Consello Superior de Deportes.*

En caso de que, como consecuencia do COVID-19 ou das medidas sanitarias ou de contención adoptadas ao respecto, teña lugar a cancelación de competicións deportivas, susceptibles de determinar os resultados polos cales se lles conceden bolsas ou axudas públicas aos deportistas en convocatorias tramitadas polo Consello Superior de Deportes, quedarán prorrogadas as bolsas e axudas por resultados deportivos obtidas no exercicio inmediatamente precedente.

Disposición adicional primeira. *Garantía do Estado para obras de interese cultural.*

1. De acordo co establecido no número 3 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, durante o exercicio 2020, o

importe total acumulado, en todo momento, dos compromisos outorgados polo Estado respecto a todas as obras ou conxuntos de obras cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Cultura e Deporte e dos seus organismos públicos adscritos non poderá exceder os 2.250.000 miles de euros. Excluírase do cómputo do dito importe máximo a contía recollida no número 2 desta disposición adicional.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen por primeira vez no ano 2020 para obras ou conxuntos de obras destinadas á súa exhibición nunha mesma exposición será de 231.000 miles de euros. Unha vez devoltas as obras aos cedentes e acreditado polos responsables das exposicións o termo da garantía outorgada sen incidencia ningunha, as cantidades comprometidas deixarán de estalo e poderán ser de novo outorgadas a unha nova exposición.

Excepcionalmente, este límite máximo poderase elevar por riba dos 231.000 miles de euros mediante acordo do Consello de Ministros por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, por iniciativa do Ministerio de Cultura e Deporte.

O importe máximo comprometido nunha obra, para efectos da súa cobertura pola garantía do Estado, non poderá superar os 100.000 miles de euros.

2. O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza respecto ás obras destinadas á súa exhibición nas sedes da Fundación situadas en España en relación co «Contrato de préstamo de obras de arte entre, dunha parte, a Fundación Colección Thyssen-Bornemisza e, doutra, Omicron Collections Limited, Nautilus Trustees Limited, Coraldale Navigation Incorporated, Imiberia Anstalt, e a Baronesa Carmen Thyssen-Bornemisza», para o ano 2020, será de 500.000 miles de euros.

3. No ano 2020 tamén será de aplicación a garantía do Estado ás exposicións organizadas polo Ministerio de Cultura e Deporte, polo Consello de Administración de Patrimonio Nacional e por «Sociedad Estatal de Acción Cultural, S.A. (AC/E)», sempre e cando se celebren en institucións das cales a Administración xeral do Estado sexa titular. Así mesmo, a garantía do Estado será de aplicación ás exposicións organizadas pola Fundación Lázaro Galdiano na sede do seu museo.

Disposición adicional segunda. *Beneficios fiscais aplicables ao «Plan Berlanga».*

1. O «Plan Berlanga» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento será desde o 1 de abril de 2020 ata o 31 de marzo de 2023.

3. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

4. As actuacións que se van realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente, de conformidade co disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional terceira. *Beneficios fiscais aplicables ao Programa «Alacant 2021. Saída Volta ao Mundo a Vela».*

1. O programa «Alacant 2021. Saída Volta ao Mundo a Vela» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a data de entrada en vigor deste real decreto lei ata o 31 de decembro de 2022.

3. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

4. As actuacións que se van realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional cuarta. *Beneficios fiscais aplicables ao evento «España: país convidado de honra na Feira do Libro de Fráncfort en 2021».*

1. A celebración do evento «España: país convidado de honra na Feira do Libro de Fráncfort en 2021» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde a data de entrada en vigor deste real decreto lei ata o 30 de novembro de 2021.

3. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

4. As actuacións que se van realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional quinta. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do «Plan de fomento da ópera na rúa do Teatro Real».*

Un. O «Plan de fomento da ópera na rúa do Teatro Real», que se celebrará durante as temporadas artísticas 2020/2021, 2021/2022 e 2022/2023, terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2020 ata o 30 de xuño de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se van realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional sexta. *Beneficios fiscais aplicables ao acontecemento «175 Aniversario da construción do Gran Teatre del Liceu».*

Un. A celebración do «175 Aniversario da construción do Gran Teatre del Liceu» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do

disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de decembro de 2020 ata o 30 de novembro de 2023.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se van realizar serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Disposición adicional sétima. *Función social das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.*

Durante un prazo de dous anos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei non serán de aplicación as porcentaxes mínimas previstas no artigo 177.6 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, en que se regularizan, se aclaran e se harmonizan as disposicións legais vixentes sobre a materia. Durante o dito período de tempo, a asemblea xeral dunha entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual poderá modificar as ditas porcentaxes co fin de incrementar aqueles destinados á realización de actividades asistenciais a favor dos membros da entidade.

Disposición adicional oitava. *Continuación e inicio dos procedementos de contratación subscritos por entidades do sector público durante a vixencia do estado de alarma.*

Para os efectos previstos no número 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, desde a entrada en vigor deste real decreto lei acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ao sector público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sempre e cando a súa tramitación se realice por medios electrónicos.

O disposto no parágrafo anterior permitirá igualmente o inicio de novos procedementos de contratación cuxa tramitación se leve a cabo tamén por medios electrónicos.

Esta medida estenderase aos recursos especiais que procedan en ambos os casos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2020, modifícanse os números 1 e 2 do artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Os investimentos en producións españolas de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e de series audiovisuais de ficción, animación ou documental que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada darán dereito ao produtor a unha dedución:

- a) Do 30 por cento respecto do primeiro millón de base da dedución.
- b) Do 25 por cento sobre o exceso do dito importe.

A base da dedución estará constituída polo custo total da produción, así como polos gastos para a obtención de copias e os gastos de publicidade e promoción por conta do produtor, ata o límite para ambos do 40 por cento do custo de produción.

Polo menos o 50 por cento da base da dedución deberase corresponder con gastos realizados en territorio español.

O importe desta dedución non poderá ser superior a 10 millóns de euros.

No suposto dunha coprodución, os importes sinalados neste punto determinaranse, para cada coprodutor, en función da súa respectiva porcentaxe de participación naquela.

Para a aplicación da dedución, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a') Que a produción obteña o correspondente certificado de nacionalidade e o certificado que acredite o carácter cultural en relación co seu contido, a súa vinculación coa realidade cultural española ou a súa contribución ao enriquecemento da diversidade cultural das obras cinematográficas que se exhiben en España, emitidos polo Instituto de Cinematografía e das Artes Audiovisuais, ou polo órgano correspondente da comunidade autónoma con competencia na materia.

b') Que se entregue unha copia nova e en perfecto estado da produción na Filmoteca Española ou na filmoteca oficialmente recoñecida pola respectiva comunidade autónoma.

A dedución prevista neste punto xerarase en cada período impositivo polo custo de produción incorrido nel, ben que se aplicará a partir do período impositivo en que finalice a produción da obra.

Non obstante, no suposto de producións de animación, a dedución prevista neste punto aplicaráse a partir do período impositivo en que se obteña o certificado de nacionalidade sinalado na letra a') anterior.

A base da dedución minorarase no importe das subvencións recibidas para financiar os investimento que xeran dereito a dedución.

O importe desta dedución, conxuntamente co resto de axudas percibidas, non poderá superar o 50 por cento do custo de produción. Non obstante, o dito límite elevarase ata:

a'') O 85 por cento para as curtametraxes.

b'') O 80 por cento para as producións dirixidas por unha persoa que non dirixise ou codirixise máis de dúas longametraxes cualificadas para a súa explotación comercial en salas de exhibición cinematográfica, cuxo orzamento de produción non supere 1.500.000 de euros.

c'') O 80 por cento no caso das producións rodadas integramente nalguna das linguas cooficiais distintas do castelán que se proxecten en España no dito idioma cooficial ou subtítulo.

d'') O 80 por cento no caso de producións dirixidas exclusivamente por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento recoñecido polo órgano competente.

e'') O 75 por cento no caso de producións realizadas exclusivamente por directoras.

f'') O 75 por cento no caso de producións cun especial valor cultural e artístico que necesiten un apoio excepcional de financiamento segundo os criterios que se establezan mediante orde ministerial ou nas correspondentes convocatorias de axudas.

g'') O 75 por cento no caso dos documentais.

h'') O 75 por cento no caso das obras de animación cuxo orzamento de produción non supere 2.500.000 de euros.

i'') O 60 por cento no caso de producións transfronteirizas financiadas por máis dun Estado membro da Unión Europea e nas cales participen produtores de máis dun Estado membro.

j'') O 60 por cento no caso de coproducións internacionais con países iberoamericanos.

2. Os produtores rexistrados no Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais que se encarguen da execución dunha produción estranxeira de longametraxes cinematográficas ou de obras audiovisuais que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada terán dereito a unha dedución polos gastos realizados en territorio español:

- a) Do 30 por cento respecto do primeiro millón de base da dedución.
- b) Do 25 por cento sobre o exceso do dito importe.

A dedución aplicarase sempre que tales gastos sexan, polo menos, de 1 millón de euros. Non obstante, para os gastos de preprodución e posprodución destinados a animación e efectos visuais realizados en territorio español, o límite establécese en 200.000 euros.

A base da dedución estará constituída polos seguintes gastos realizados en territorio español directamente relacionados coa produción:

1.º Os gastos de persoal creativo, sempre que teña residencia fiscal en España ou nalgún Estado membro do Espazo Económico Europeo, co límite de 100.000 euros por persoa.

2.º Os gastos derivados da utilización de industrias técnicas e outros provedores.

O importe desta dedución non poderá ser superior a 10 millóns de euros por cada produción realizada.

A dedución prevista neste punto queda excluída do límite a que se refire o último parágrafo do número 1 do artigo 39 desta lei. Para efectos do cálculo do dito límite, non se computará esta dedución.

O importe desta dedución, conxuntamente co resto de axudas percibidas pola empresa contribuínte, non poderá superar o 50 por cento do custo de produción.

Poderanse establecer regulamentariamente os requisitos e as obrigacións para ter dereito á práctica desta dedución.»

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2020, modifícase o número 1 do artigo 19 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas terán dereito a deducir da cota íntegra o resultado de aplicar á base da dedución correspondente ao conxunto de donativos, doazóns e achegas con dereito a dedución, determinada segundo o disposto no artigo 18 de esta lei, a seguinte escala:

Base de dedución. Importe ata	Porcentaxe de dedución
150 euros.	80
Resto base de dedución.	35

Se nos dous períodos impositivos inmediatos anteriores se realizasen donativos, doazóns ou achegas con dereito a dedución en favor dunha mesma entidade por importe igual ou superior, en cada un deles, ao do exercicio anterior, a porcentaxe

de dedución aplicable á base da dedución en favor desa mesma entidade que exceda os 150 euros será o 40 por cento.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do número 2 da disposición derradeira primeira do Real decreto lei 3/2017, do 17 de febreiro, para ampliar a duración do «Programa de preparación dos deportistas españois dos Xogos de Tokio 2020».*

Modifícase o número 2 da disposición derradeira primeira do Real decreto lei 3/2017, do 17 de febreiro, polo que se modifica a Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, e se adapta ás modificacións introducidas polo Código mundial antidopaxe de 2015, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A duración deste programa abranguerá do 1 de xaneiro de 2017 ao 31 de decembro de 2021.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do número dous da disposición adicional sesaxésimo cuarta da Lei 3/2017, do 27 de xuño, para ampliar a duración do apoio ao acontecemento «V Centenario da expedición da primeira volta ao mundo de Fernando de Magallanes e Juan Sebastián Elcano».*

Modifícase o número dous da disposición adicional sesaxésimo cuarta da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 8 de maio de 2017 ata o 31 de decembro de 2022.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do número dous da disposición adicional septuaxésimo sexta e do número dous da disposición adicional octoxésimo sétima da Lei 6/2018, do 3 de xullo, para ampliar a duración do apoio aos acontecementos «Andalucía Valderrama Masters» e «Ano Santo Xacobeo 2021».*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018:

Un. Modifícase o número dous da disposición adicional septuaxésimo sexta, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de xullo de 2018 ata o 31 de decembro de 2021.»

Dous. Modifícase o número dous da disposición adicional octoxésimo sétima, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. A duración do programa de apoio será desde o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2022.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.*

Modifícase o parágrafo b) do número 3 do artigo 81 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que queda redactado como segue:

«b) Os ingresos polos prezos públicos por servizos académicos e demais dereitos que legalmente se establezan. No caso de estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, os prezos públicos e dereitos fixaraos a comunidade autónoma, dentro dos límites

máximos que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria, e que estarán relacionados cos custos de prestación do servizo.

Así mesmo, consignaranse as compensacións correspondentes aos importes derivados das exencións e reducións que legalmente se dispoñan en materia de prezos públicos e demais dereitos.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do artigo 26 do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego.*

Modifícase o parágrafo segundo do número 4 do artigo 26 do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, que queda redactado da seguinte forma:

«Formarán parte do Padroado, nos termos previstos nos estatutos, entre outros, a Real Federación Española de Fútbol, *La Liga de Fútbol Profesional* ("LaLiga"). Tamén será parte do Padroado unha representación das federacións deportivas españolas e competicións oficiais e non oficiais, nos termos que prevexan os estatutos.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

Dáselles nova redacción aos números 2 e 3 do artigo 33 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, que quedan redactados como segue:

«2. Terán a consideración de medio propio personificado respecto dunha entidade pertencente ao sector público que non teña a consideración de poder adjudicador aquelas persoas xurídicas, de dereito público ou de dereito privado, que cumpran todos e cada un dos requisitos seguintes:

a) Que o ente que fai a encarga teña control, directo ou indirecto, no sentido do artigo 32.2.a), primeiro e segundo parágrafos, desta lei, sobre o seu ente destinatario.

b) Que a totalidade do capital social ou patrimonio do ente destinatario da encarga sexa de titularidade pública.

c) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario da encarga se leva a cabo no exercicio das funcións que lle foron confiadas pola entidade que realiza a encarga e que a controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo modo pola entidade que realiza a encarga.

O cumprimento efectivo do requisito establecido na presente letra deberá quedar reflectido na memoria integrante das contas anuais do ente destinatario da encarga e, en consecuencia, ser obxecto de verificación polo auditor de contas na realización da auditoría das ditas contas anuais, de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.

3. O número 2 deste artigo tamén se aplicará nos casos en que unha entidade do sector público estatal realice unha encarga a outra do mesmo sector, sempre que a entidade que realiza a encarga e a que a reciba estean controladas, directa ou indirectamente, pola mesma entidade do dito sector e, ademais, a totalidade do capital social ou patrimonio da entidade destinataria da encarga sexa de titularidade pública. Neste suposto, o requisito do número 2.c) anterior, cuxa acreditación se deberá reflectir na forma disposta nel, entenderase cumprido por referencia ao conxunto de actividades que se fagan no exercicio das funcións que lle fosen

confiadas pola entidade que realiza a encarga, pola entidade que controla directa ou indirectamente tanto a entidade que realiza a encarga como a que a recibe, así como por calquera outra entidade tamén controlada directa ou indirectamente pola anterior. Nestes casos, a compensación que percibirá a entidade que reciba a encarga deberá ser aprobada pola entidade pública que controla a entidade que realiza a encarga e a que a recibe, e a dita compensación e as demais condicións da encarga deberán adecuarse ás xerais do mercado de forma que non se distorza a libre competencia.

A posibilidade que establece o parágrafo anterior tamén poderá ser utilizada polas comunidades autónomas e cidades autónomas dentro de cada un dos seus respectivos sectores públicos.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

O Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, queda modificado con efectos desde a entrada en vigor do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, nos termos seguintes:

Un. Engádesse un parágrafo final ao número 1 do artigo 34, coa seguinte redacción:

«Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que quedasen suspendidos conforme o previsto neste punto, o órgano de contratación poderá conceder, por instancia do contratista, un anticipo á conta do importe estimado da indemnización que corresponda. O aboamento do anticipo poderase realizar nun só pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Posteriormente, o importe anticipado descontarase da liquidación do contrato. O órgano de contratación poderá exixir, para efectuar o anticipo, que este se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.»

Dous. Modifícase o último parágrafo do número 4 do artigo 34, que queda redactado da seguinte forma:

«A aplicación do disposto neste punto só procederá cando o órgano de contratación, por instancia do contratista, aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo e unicamente respecto da parte do contrato afectada pola dita imposibilidade.»

Tres. Engádesse un parágrafo final ao número 7 do artigo 34, co seguinte literal:

«Tamén terán a consideración de “contratos públicos” os contratos de obras, os contratos de servizos ou consultorías e asistenciais que sexan complementarios a un contrato de obras principal e necesarios para a correcta realización da prestación, así como os contratos de concesión, xa sexan de obras ou de servizos, incluídos os contratos de xestión de servizos públicos, subscritos polas entidades pertencentes ao sector público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, sempre que estean vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei e calquera que sexa a normativa de contratación pública a que estean suxeitos conforme o prego. Nestes contratos, non resultará de aplicación ás suspensións a que se refire este artigo, ademais das disposicións sinaladas nos seus números 1 e 3, o disposto nos artigos relativos a indemnizacións por suspensións de contratos na normativa de contratación pública anterior ao Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, que sexa aplicable a eles, nin aquelas indemnizacións por suspensión previstas nos pregos de contratos no

ámbito da normativa de contratación pública nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.»

Disposición derradeira décima. *Cláusula de salvagarda para modificacións de norma de inferior rango.*

Mantense o rango das normas modificadas por este real decreto lei cando estas sexan de rango inferior.

Disposición derradeira décimo primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.2 da Constitución española, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e, ademais, polos títulos competenciais previstos no artigo 149.1.1.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a, 18.^a e 30.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas; lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas; e regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

Disposición derradeira décimo segunda. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habílitanse o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de maio de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN